MISA CON NENOS folleto

2 de marzo de 2025 T. Ordinario-8º C

Lucas 6, 39-45:

"Do que reborda do corazón, fala a boca".

MENSAXE: Do que reborda do Corazón, fala a boca



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: Desde que terminamos as festas de Nadal xa celebramos 8 domingos do tempo Ordinario. A partir da próxima semana comezaremos a Coresma, a preparación da Pascua. Hoxe, no evanxeo, Xesús pídenos que coidemos o corazón, non deixándonos levar polo egoísmo, o interese ou o capricho, porque o que atesoura bondade no corazón dá froitos bos, as súas palabras, obras e sentimentos tamén serán bos. (Uns nenos mostran o cartel de Fano deste domingo).

Saúdo do sacerdote: -No nome do Pai... ***Que Xesús, que quere que teñamos un corazón nobre, grande e limpo, sexa convosco..***

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: *Moitas veces no noso modo de vivir cústanos querer e perdoar a todos. Por iso, ao iniciar a Eucaristía recoñecémolo e pedimos perdón.*

- Neno/a: ***"Un cego non pode guiar a outro cego".*** Porque non buscamos bos guías e deixámonos levar polos que nos levan por camiños torcidos. ***Señor, ten piedade de nós.***

- Pais: ***"Fíxaste no lixo que ten o teu irmán no ollo e non reparas na viga que levas no teu".*** Porque xulgamos a todos, só vemos os defectos alleos e desculpamos os nosos. ***Cristo, ten piedade de nós.***

- Catequista: ***"A árbore coñécese polos seus froitos".*** Porque nos cremos o mellores pero damos pouco froitos de amor, de perdón, de fe. ***Señor, ten piedade de nós.***

Sacerdote: *Que o Deus do amor teña misericordia de nós, que perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

A palabra de Deus pídenos que vivamos de acordo coas nosas convicción profundas e que manifestemos coas nosas palabras e actitudes, a coherencia entre o noso pensar e noso actuar, de forma que non levemos unha dobre vida nin nos constituamos en xuíces dos demais.

LECTURAS

SAMUEL 27,4-7: *No eloxies a ninguén antes de oílo falar.*

Cando se axita a criba, quedan os refugallos; así, cando a persoa fala, descóbrense os seus defectos.

O forno proba as vasillas do oleiro, e a persoa é probada na súa conversación.

O froito revela o cultivo da árbore, así a palabra revela o corazón da persoa.

Non eloxies a ninguén antes de oílo falar, porque aí é onde se proba unha persoa.

Palabra do Señor.

SALMO 21: R/. É bo darche grazas, Señor.

1CORINTIOS 15, 54-58: *Dános a vitoria por medio de Xesucristo.*

LUCAS 6, 39-45: *Do que reborda o corazón fala a boca.*

Narrador: Naquel tempo, dixo Xesús aos discípulos unha parábola:

Xesús: -«*Seica pode* ***un cego guiar a outro cego?*** *Non caerán os dous no foxo?*

Non está o discípulo sobre o seu mestre, aínda que, cando termine a súa aprendizaxe, será como o seu mestre.

Por que te fixas no lixo que ten o teu irmán no ollo e non reparas na viga que levas no teu? *Como podes dicirlle ao teu irmán: "Irmán, déixame que che saque o lixo do ollo", sen fixarte na viga que levas no teu? Hipócrita! Saca primeiro a viga do teu ollo, e entón verás claro para sacar o lixo do ollo de teu irmán.*

Pois ***non hai árbore boa que dea froito malo****, nin árbore mala que dea froito bo; por iso,* ***cada árbore coñécese polo seu froito****; porque non se recollen figos das silvas, nin se vendiman acios dos espiños.*

O home bo, da bondade que atesoura no seu corazón saca o ben*, e o que é malo, da maldade saca o mal; porque do que reborda o corazón fala a boca».*

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: *Oremos ao Pai do ceo e pidámoslle confiados:*

-Limpa o noso corazón, Señor.

1.- Para que a Igrexa, guiada polo Espírito, co testemuño coherente dos crentes, atraia a todos a Cristo. *Oremos.*

2.- Para que nunca levemos unha dobre vida intentando aparentar o que no fondo do corazón non temos. *Oremos.*

3.- Para que coidemos o corazón, onde nacen os sentimentos profundos, e poñamos corazón en todo o que facemos. *Oremos.*

4.- Para que botemos da nosa vida as críticas e os xuízos desapiadados. *Oremos.*

5.- Para que o Señor nos dea valentía, claridade, humildade e prudencia. *Oremos.*

6.- Para que sexamos agradecidos cos que nos educan, con aqueles que son para nós un exemplo para a vida. *Oremos.*

7.- Polo Papa Francisco agora que o visita a enfermidade para que sinta a forza do Señor e o apoio de todos os cristiáns. *Oremos.*

Sacerdote: Escoita, Pai, a nosa oración e transforma os nosos corazóns coa túa graza salvadora. Por XNS.

5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **ESPÍRITU SANTO EN FORMA DE POMBA:**

Que difícil é vivir o evanxeo destes domingos: amor aos inimigos, coidar o corazón, dar bos froitos… Por iso necesitamos do teu Espírito que nos dea os seus dons, que renove e transforme as nosas mentes e corazóns.

- UN CORAZÓN VERMELLO:

No corazón é onde nacen as actitudes, os bos sentimentos, os desexos de cada un. Dános, Señor, un corazón alegre e bondadoso como o teu, e os pais, catequistas e profesores prometemos seguir educando aos nenos na materia da bondade e do amor.

- **LENTES:**

Con estas lentes queremos representar o noso desexo de camiñar con Xesús e de ver cos seus ollos. Que nunca as nosas pobrezas escurezan o amor de Deus aos que nos rodean.

- **PAN E VIÑO:**

Co pan e o viño dicimos ao Señor que queremos traballar por unha sociedade onde, a súa presenza, sexa tida en conta. Que a Eucaristía sexa alimento dos fillos de Deus.

El hombre bueno,
de la bondad que atesora en su corazón saca el bien
Lc 6,45

ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS

Dános un corazón limpo e bo

Xesús, ti fálasnos con parábolas, con historias sinxelas, con pequenos ensinos para ser felices e facer felices os demais. E disnos que "do que está cheo o corazón fala a boca".

Que importante é o tesouro do corazón.

Hai quen ten "mal corazón" ou simplemente "non ten corazón". Pero hai quen goza dun gran corazón, esas persoas que nos fan felices, porque ten bo rolo e fan as cousas ben porque esa é a súa natureza, sáelles de dentro. E as súas palabras acariñan, os seus xestos malgastan amor e proximidade, sensibilidade e alegría, paixón e entrega.

Pero son así porque se forman, contrastan a súa vida cada día co evanxeo, déixanse levar polo Espírito e loitan contra os seus caprichos e debilidades.

Xesús, axúdanos a ter un corazón san, "compasivo e misericordioso" como o teu, capaz de sementar fraternidade, verdade e ben ao seu redor.

Que coidemos o corazón, para que cando nos cansemos, lembremos que hai que poñer máis corazón nas mans, máis agarimo, máis paixón, máis dedicación. Así as nosas palabras, os nosos xestos, a nosa vida estará chea de amor, porque "ter corazón" é o que de verdade importa.

O corazón" es lo que de veras importa.

FELIZ DOMINGO 8º
DO TEMPO ORDINARIO